

ACTA

En Arzúa, a 11 de xullo de 2017

Sendo as 10.10 horas, reúnen-se na dependencia do edificio municipal onde se atopan as instalacións da emisora municipal de radio, na rúa Padre Pardo n.º 33, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba práctica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para a provisión dun posto de traballo de **auxiliar da Emisora municipal de radio**, cuxa contratación laboral temporal – por un período de dous meses e medio- acordouse realizar a través das Bases aprobadas por decreto ditado polo alcalde o día 26 de maio de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

* Presidente: don Armando Cascón Rodríguez, (*director da Emisora municipal de radio*).

* Secretario: don Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

* Vogais:

- Don José Ramón Bernárdez Sexto, (*auxiliar da Emisora municipal de radio*).

- Don Ramón Torreiro González, (*encargado da Biblioteca Municipal*).

- Don Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico municipal do Concello de Arzúa*).

E, visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, -de conformidade co disposto no artigo 17, nº 2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o presidente procedeu a declarar constituída dita comisión; dispoñendo acto seguido que se procedese a realizar a proba práctica de que consta esta oposición, que consistiría en “encargarse de realizar o control técnico durante a emisión dun programa de radio”.

Polo que, co fin de dar comezo a dita proba, chamouse sucesivamente aos oito aspirantes interesados, que se atopaban esperando fóra do local onde se ía a realizar esta proba.

Unha vez no interior do local, se lles puxo ao fronte do mecanismo que contén o control técnico da Emisora municipal de radio; indicándolles o vogal José Ramón Bernárdez Sexto que a proba a realizar consistiría en poñer en funcionamento un programa de radio, durante un período de tempo de dez minutos.

Dándose a circunstancia de que, despois de recibir a explicación do vogal Sr. Bernárdez Sexto, sobre como terían que realizar o exercicio, dous dos aspirantes, (en concreto don Carlos Alamancos Ríos e dona Laura Martínez Rodríguez), dicidiron non continuar coa realización do exercicio, polos seguintes motivos:

- O Sr. Alamancos Ríos manifestou que realizar un control técnico non é estar falando na radio, como se pretende que teña que facer; polo que considera que a proba proposta é unha tomadura de pelo.

- A Sra. Martínez Rodríguez, manifestou que necesita algo mais de tempo para coñecer o funcionamento dos mecanismos de control dunha emisión radiofónica, pero que se ofrece a realizar esa aprendizaxe e poñerse ao día antes de ser contratada.

Tras valorar a Comisión Seleccionadora o manexo do equipo electrónico que realizara cada un dos seis aspirantes si decidiron realizar o exercicio.

Considerouse procedente -por unanimidade dos cinco membros asistentes- outorgarlles as seguintes puntuacións:

N.º rexistro	Nome e apelidos	Puntuación proba práctica
2024	Carlos Alamancos Ríos	1
2088	Veronica Rodríguez Río	4
2100	Marcos Antonio Magan Taboada	6
2139	Olalla Dopico Carrón	5
2164	Martín Portos Pampín	7,5
2170	Miguel Conde Conde	6
2180	Iría Figueroa Martínez	5
2181	Laura Martínez Rodríguez	1

En consecuencia con todo o exposto, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos seus membros integrantes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas para cada un dos oito aspirantes, que compareceron no día hoxe a realizar o exercicio de carácter práctico, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello unha copia da acta estendida desta sesión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio da oposición.

Segundo.- Facer saber os tres aspirantes que non obtiveron unha puntuación mínima de 5 puntos, sobre 10 posibles, que quedaban eliminados neste proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Undécima das que rixen a oposición.

Terceiro.- Facer saber aos outros cinco aspirantes, que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 3 ou equivalente- estarían exentos de realizar a proba sobre coñecementos do idioma galego; obtendo en dita proba unha puntuación de 2 puntos cada un deles, por vir así establecido na xa citada Base Undécima.

Cuarto.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, verá determinada pola suma das puntuacións obtidas no exercicio teórico, no exercicio práctico e na proba sobre coñecemento do idioma galego. Polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polos cinco aspirantes que superaron o proceso de selección serían as seguintes:

	Nome e apelidos	Exercicio teórico	Exercicio práctico	Galego	Total
1	Martín Portos Pampín	5	7,5	2	14,50
2	Miguel Conde Conde	6	6	2	14
3	Marcos Antonio Magan Taboada	5	6	2	13
4	Olalla Dopico Carrón	6	5	2	13

5	Iria Figueroa Martínez	6	5	2	13
---	------------------------	---	---	---	----

Quinto.- Formular ao alcalde a proposta de contratación, a favor do aspirante que obtivo a maior puntuación total ao final do proceso de selección, **Martín Portos Pampín**, para desempeñar o posto de traballo de auxiliar da Emisora municipal de radio; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen dito proceso.

Sexto.- Concretar que, para o suposto de que o aspirante proposto como auxiliar da Emisora municipal de radio, non presentase a documentación necesaria para ser contratado, dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da presente acta no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, ou renunciase despois en calquera momento a súa contratación, a proposta realizada ao seu favor entenderase realizada a favor do seguinte ou seguintes aspirantes en orde de puntuación.

Sétimo.- Concretar que, o obter unha mesma puntuación de 13 puntos tres aspirantes, ao final do proceso de selección, o orde que se seguirá para determinar quen podería substituír ao aspirante agora proposto ou ao seguinte aspirante en orde de puntuación (no caso de renuncia de ambos), será o resultante dunha entrevista, que a Comisión Seleccionadora realizase a cada un de ditos tres aspirantes; seguindo así o criterio previsto na Base Undécima das que rixen o proceso de selección.

Oitavo.- Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación deste acta), co obxecto de que o aspirante proposto poida presentar a documentación esixida na Base Decimoterceira das que rixen a oposición.

Co cal se dá por rematado o acto ás 11.50 horas do indicado día; estendéndose a presente acta para ser subcrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.